

## CONSELLO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA VOCES NOVAS DE TOMIÑO

BLOQUE 1 - PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN E SER ESCOITADO/A  
ACTIVIDADE 2. IGUALDADE DE XÉNERO

### 5.2. Ficha de recollida de propostas

Ficha de recollida de propostas

**CONSELLO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA, VOCES NOVAS DE TOMIÑO**

BLOQUE 1 - PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN E SER ESCOITADO/A

ACTIVIDADE 2. IGUALDADE DE XÉNERO

MATERIAL PRESENTADO: curtametraxe.

## AVALIACIÓN E APRENDIZAXES

### AVALIACIÓN INICIAL

#### 1. Que entendedes por igualdade de xénero?

Que mulleres e homes teñan a mesma consideración como persoas humanas que son; que non exista unha diferenciación económica, política e social entre homes e mulleres e, por tanto, que teñan os mesmos dereitos e obrigas, sen distinción.

#### 2. Coñecedes situacións na vosa contorna (barrio, centro educativo, entre amizades, familias...) de desigualdade de xénero? En que ámbitos parecevos que se produce máis esta desigualdade (traballos, escola, deporte...) e por que?

As situacións de desigualdade danse en xeral, no día a día, en todos os ámbitos case por igual. Son as seguintes:

- Comentarios que se escoitan pola rúa e que tecnicamente se denominan como “micromachismos”.
- Na casa: o papel das mulleres, sobre as que recaen case todas as cuestións relacionadas cos coidados do fogar (atender a fillos e fillas, facer as tarefas, etc.).
- No centro educativo: á hora do recreo os rapaces ocupan todo o campo de fútbol, mentres que as rapazas se quedan nun espazo máis reducido. Tamén na materia de educación física, cando mandan facer equipos normalmente os rapaces elíxense primeiro entre eles y só elixen a rapazas cando non quedan máis rapaces. Nos libros de texto non aparecen case figuras femininas, o feminino constrúese a partir do masculino...

# CONSELLO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA VOCES NOVAS DE TOMIÑO

BLOQUE 1 - PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN E SER ESCOITADO/A  
ACTIVIDADE 2. IGUALDADE DE XÉNERO

## AVALIACIÓN FINAL

### **4. Detectáchedes entretodos y todas desigualdades de xénero que non tiñades presentes ao principio da investigación? Cales? Que as fai posibles?**

Ninguén detectou desigualdades que non tivera presentes ao principio da investigación.

### **5. Considerades que as propostas que facedes no voso vídeo poden producir cambios pola igualdade de xénero e que se poden poñer en marcha na vosa contorna e no voso municipio?**

A opinión xeral é:

Todo axuda, pero é un pequeno gran de area. Podería cambiar algo, pero é necesario o tempo para que se visibilice. Non vai ser algo que suceda de forma instantánea, nin tampouco un cambio radical. Quizais as cousas sexan distintas a longo prazo.

Para que se note temos que facer máis cousas.

Ademais, a xente ten que aprender a “deconstruírse” e tomar a iniciativa de volver a educarse en certos aspectos, ou ver máis alá do que coñece, (quizais esto é moi utópico)... todas as persoas temos que tomar a iniciativa de reeducarnos, “de aprender” dos erros cometidos e ver máis alá para conseguir ese cambio.

Pode que a primeira consecuencia estea en que o profesorado comece a usar unha linguaxe inclusiva como, por exemplo, empregar o termo cidadanía en lugar de cidadáns.

Aínda que tamén hai quen considera que non vai cambiar nada, ou que sería estrano que se producise algún cambio, grazas á curta, na nosa contorna.

De todas formas, si que se consegue darlle máis presenza e importancia á igualdade, algo que é fundamental para que a situación mellore.

### **6. A quen lle deberíades contar todo isto? A quen presentar o voso vídeo?**

Ao Ministerio de Educación.

A distintos tipos de persoas, canta máis xente mellor, para que tomen conciencia da situación real e da importancia que ten a igualdade. Sobre todo a nós, as novas xeracións. Só uníndonos podemos lograr un cambio social.

Ademais, o proxecto está ben elaborado e a mensaxe é clara e concisa, perfecta para todo tipo de público.

Tamén debería proxectarse nos centros educativos, como por exemplo no instituto, xa que moitas das desigualdades que se amosan prodúcense nese ámbito.

# CONSELLO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA VOCES NOVAS DE TOMIÑO

BLOQUE 1 - PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN E SER ESCOITADO/A  
ACTIVIDADE 2. IGUALDADE DE XÉNERO

## PROPOSTAS

**Que propostas podemos facer para que mellore a situación de igualdade de xénero?**  
(Recoller de xeito concreto as propostas de mellora elaboradas na actividade e que ademais estarán representadas na vosa representación artística).

- Facerse valer e non permitir comentarios groseros pola rúa.
- Na casa falar coas nosas familias para responsabilizarnos por igual das tarefas e obrigas.
- No centro escolar, tratar de respectar e equilibrar os espazos que usamos. Incluír a todo o mundo, por igual, nas actividades que se realizan. E trasladar, respectuosamente, as demandas de igualdade real ao profesorado.